

# SEMANA DO 15 DE XUÑO

## 1º-2º NIVEL DE PRIMARIA

*IMPORTANTE: Necesítase dun adulto/a que dirixa a actividade.*

1. **A parede:** 1 xogador/a, unhapapeleira e unha pelota pequena. Con este xogo buscamos mellorar a coordinación ollo-man. Buscamos unhaparede sobre a que facer rebotar a pelota. O xogador/a leva nunhaman a pelota e na outra a papeleira. Trátase de lanzar a pelota cunhaman, que rebote na parede e capturala coa papeleira antes de que toque o chan.
2. **Os vasos de auga:** 2 xogadores/as, unha mesa, dez vasos plásticos, dez bolas de papel de aluminio e botellas de auga. Sobre a mesa creamos dous filas de 5 vasos cada unha. A separación entre filas debe ser duns 30 centímetros, pola contra os vasos da mesma fila deben estar pegados entre si. Antes de empezar hai que encher de auga cada vaso ata o borde. Entón cada xogador/a se sitúa en fronte da súa fila e coloca unha bola sobre o primeiro vaso. O xogo consiste en ser o primeiro en conseguir ter flotando unha bola en cada vaso. Para logralohai que soprar e facer avanzar as bolas dun vaso a outro. Ao principio, cada xogador/a deberá soprar a bola que flota no primeiro vaso para que se desprace ata o segundo e logo seguir soplando para que avance a terceiro, cuarto e se quede flotando no quinto vaso. A continuación coloca outra bola no primeiro vaso sobre a que volverá a soplar para que pase ao segundo, terceiro... e así sucesivamente.
3. **Equilibrios co globo:** 2 xogadores/as, un pau e un globo. Se non faivento, xogamos fora. Se o fai, temos que facelo dentro de casa. Trátase de encestar o globo na papeleira. Marcamos o punto de saída e colocamos a papeleira a 4 metros aproximadamente. Un xogador/a sitúase nun punto intermedio cos brazos estendidos cara adiante sostendo o pau. O outro/aponse na saída e terá que desprazarse golpeando o globo coas mans, pasalo por riba do pau e encestalo finalmente na papeleira. Logo intercambian os roles e poden cronometrar os tempos. Regras:
  - a) Non se pode agarrar o globo.
  - b) Se cae ao chan, tócalo o outro xogador/a.
  - c) Gaña o que tarda menos en encestar.
4. **Zigzag a cegas:** 2 xogadores/as, un pano e seis botellas. Colocamos as botellas en fila separándoas un metro entre si. Un xogador/a ponlle o pano ao outro a modo de venda nos ollos. O cego/a ten que camiñar en zigzag entre as botellas, ida e volta, dirixido polas indicacións que lle da o outro xogador/a. Por exemplo; camiña cara adiante, para, xira media volta á esquerda, tres pasos de fronte, xira un cuarto á dereita, camiña de fronte, agora xira e segue ...

5. **As latas arrolas:** 2 xogadores/as, dous latas cilíndricas (de calquer envase), catro tapas de frescos e unha mesa. Para realizar este xogo necesitamos unha mesa longa. Colocamos as tapas en fila para crear dous carrís, un para cada xogador/a. Trátase dunha carreira na que haberá que levar soprando a lata dun extremo ao outro da mesa, cada un polo seu carril. Regras:

- a) Unha vez situada a lata no punto de saída, xa non se pode tocar coas mans.
- b) Se cae da mesa antes de chegar ao final ou invade o carril contrario, hai que volver a empezar.
- c) Gaña o primeiro que chegue.